



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. A/S/C84-14

ANUNCIO

Asto.: Adxudicación da contratación dunha operación de tesourería (póliza de crédito) de 800.000 euros para o exercizo 2015

Por resolución de alcaldía núm. 844/2014 de 01.12.2014 resolveuse, entre outros, o seguinte:

1º.- Adxudicar a BANCO DE SABADELL S.A, CIF A08000143, o contrato para a concertación dunha operación de tesourería (póliza de crédito) de 800.000 euros para o exercizo 2015, de acordo coa oferta contida na súa proposición RE núm. 8065/14 de data 17.11.14, coas seguintes características:

- Importe: 800.000,00 euros.
- Prazo: no indica. Enténdese que o indicado nas Bases (que se aceptan integramente).
- Condicións financeiras: Euribor 3 meses + 0,89.
- Liquidacións: trimestrais.
- Comisións e gastos: Exento.
- Resto de condicións indicadas nas bases que rexen a contratación

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (sobre B, RE núm. 8065/14 de data 17.11.14), as procedimentais sinaladas nas bases reguladoras e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula 11 das bases reguladoras da contratación, o contrato para a concertación dunha operación de tesourería (póliza de crédito) de 800.000 euros para o exercizo 2015 deberá ser formalizado en documento administrativo consonte ao modelo subsanado aportado pola entidade financeira adxudicataria mediante escrito de 28.11.2014, suscrito por Juan Manuel Fernández González, en n/r de BANCO SABADELL GALLEGO (RE núm. 8387/14 da mesma data).
O contrato deberá formalizarse nun prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación do presente acto administrativo polo adxudicatario.
- Deberá aportar, previamente á formalización do contrato, acreditación de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante presentación das certificacións as que se refire o artigo 15 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas
- A duración contractual será dun ano dende a formalización do contrato

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos e excluídos da licitación e os seus motivos de exclusión nos seguintes termos:

Núm. e data do asento no rexistro xeral do concello	Identidade	Resultado da fase de admisión
8032/14-14.11.2014	BANCO PASTOR, S.A.U. CIF A86507092	ADMITIDA
8065/14-17.11.14	BANCO DE SABADELL S.A CIF A08000143	ADMITIDA
7615/14-24.10.14	NCG BANCO, S.A. CIF A70302039	ADMITIDA
7616/14-24.10.2014	CAIXABANK, S.A. CIF	ADMITIDA
7617/14-24.10.2014	BBVA, S.A. CIF A 48265169	ADMITIDA

O que se publica nos termos que resultan da base 8ª relativa á selección da entidade financeira baixo os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e en aplicación do artigo 151 TRLCSP.

Bueu, 01 de decembro de 2014
O Alcalde

Félix Juncal Novas



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111